Diagnose Inicial

COOPERACIÓN GALEGA; O MUNDO QUE QUEREMOS 2018 / 2019

Solidariedade Internacional de Galicia, SIG
Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, AGARESO
Asemblea de Cooperación Pola Paz, ACPP
Fundación Educación e Cooperación, EDUCO

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

O Mundo que queremos

Estudo realizado por Wayna Consultora SL
Novembro 2018 / Xaneiro 2019

ÍNDICE

Páxina

1. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN 2

2. METODOLOXÍA EMPREGADA..... 4

3. ANÁLISE DOS RESULTADOS..... 8

3.1. ÁMBITO DA INTERVENCIÓN: CENTROS EDUCATIVOS..... 8

3.2. POBOACIÓN BENEFICIARIA DIRECTA: O ALUMNADO 16

3.2.1. Alumnado de secundaria 16

3.2.2. Alumnado de Formación Profesional 26

1. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN

A loita contra a pobreza e o exercicio do dereito ao desenvolvemento constitúese como un reto mundial sen precedentes no medio-longo prazo. A pesares dos avances nesta materia recollidos nos ODM, a desigualdade e a exclusión social continúan sendo dúas das problemáticas máis relevantes na maioría dos países. Neste contexto urxe a necesidade de traballar na concienciación e implicación da cidadanía na execución da Axenda 2030.

Segundo o documento de formulación o proxecto "*Cooperación Galega: o mundo que queremos*" (OMQQQ) na súa VI edición pretende implicar á comunidade educativa de secundaria de sete centros de ensino galegos, ao redor de 500 alumnos e alumnas xunto co seu profesorado, mediante unha proposta que aborda a relación existente entre as dinámicas locais e as desigualdades globais a través da comunicación comunitaria e o seu poder transformador de imaxinarios e realidades. Unha vez iniciado o proxecto, os centros participantes ascenden a oito e o alumnado ao que se chega a 538 estudantes (60% rapazas).

Así, nesta edición de OMQQ os ODS serán a cuestión fundamental a tratar, operando como elemento condutor da proposta e utilizando a comunicación comunitaria como ferramenta metodolóxica e elemento vertebrador das accións a desenvolver durante o curso 2018-2019. Mediante estas ferramentas afóndase en temáticas relativas ás desigualdades sociais existentes, así como as causas que as reproducen e perpetúan, prestando unha especial atención á realidade dos países empobrecidos nos que principalmente realiza o seu traballo a cooperación galega.

Esta nova edición do proxecto dálle continuidade á experiencia iniciada no curso escolar 2013-2014 froito da coordinación entre a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e as ONGD galegas coa finalidade de impulsar a integración estratéxica da Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (EDCG) en Galicia no ámbito da educación formal. Unha ano máis esta iniciativa enmárcase no *Plan Proxecta* da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Nesta ocasión forman parte formalmente do consorcio Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO), Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) e Fundación Educación e Cooperación (EDUCO). Así mesmo, o Grupo de Teatro dx Oprimidx 100Tolas participa tamén no proxecto como en anteriores edicións sen formar parte legalmente do consorcio. Esta forma de traballar de maneira conxunta e coordinada contribúe sen dúbida a evitar a dispersión das accións e concentrar esforzos na mellora da calidade e a eficacia das actuacións realizadas, sendo unha das maiores fortalezas de OMQQ.

Nesta edición OMQQ proponse continuar afondando en dúas áreas claves do proxecto: fortalecer a formación das ONGD consorciadas co obxecto de "crear marcos teóricos comúns en torno a EDCG", por un lado, e reforzar a comunicación interna e externa do proxecto, por outro. A nivel externo a formulación do proxecto non se queda só nos centros participantes, senón que busca participar en foros educativos e crear espazos de colaboración co resto de entidades que forman parte do proxecto.

En canto á metodoloxía recollida no programa, as actuacións propostas colocan o foco nos tres piares da ED. As sesións centraranse en mellorar os coñecementos do alumnado pero tamén se incidirá da mesma forma no desenvolvemento de actitudes, habilidades e coñecementos.

O obxectivo específico do proxecto é "*contribuír ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre as realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social*" e, para acadalo, OMQQ concíbese como un proceso educativo a medio prazo. Enténdese que non basta só coa adquisición de coñecementos, senón que o desenvolvemento de actitudes e habilidades que capaciten ao alumnado para a participación activa en cambios sociais antóllase como algo necesario e fundamental.

Como en edicións anteriores, o programa de OMQQ está conformado por seis accións co alumnado (representando unha viaxe metafórica cara ao mundo que queremos). A primeira das sesións é introdutoria, a modo de contextualización dos conceptos fundamentais relacionados co proxecto. Na segunda e terceira sesións trabállanse conceptos e ferramentas da comunicación social e para o desenvolvemento, chegando a elaborar os seus propios produtos audiovisuais. Séguelle unha sesión de Teatro da Oprimida e unha visita de persoas activistas dun país empobrecido para achegar a realidade do Sur ao alumnado galego.

Como o ano pasado, OMQQ péchase coa organización dun acto final de incidencia no que o protagonismo é para o alumnado, funcionando como reforzo e consolidación do traballo realizado durante o curso. Estes actos poderán realizarse fóra do centro escolar, en lugares públicos dos concellos onde están situados, e produciranse e editaranse nas aulas os materiais necesarios para a súa realización.

Por último, é importante subliñar tamén o acompañamento continuo ao profesorado implicado no proxecto, o que inclúe unha sesión presencial de formación sobre os contidos (sendo os ODS e a cooperación internacional elementos fundamentais) e as distintas metodoloxías a utilizar, así como as distintas propostas escénicas que contribúan a

participación activa e creativa do alumnado, co fin de afondar nas temáticas que se traballarán e nos retos do desenvolvemento humano sostible.

2. METODOLOXÍA EMPREGADA

O presente estudo realízase co **obxectivo xeral** de elaborar unha análise descritiva da realidade dos centros participantes en *"Cooperación Galega: o mundo que queremos"* no curso académico 2018-2019. A finalidade desta análise é dobre: a) por unha banda, mellorar a implementación do proxecto ao posibilitar que, na medida do posible, se adapten as actuacións ás realidades e intereses específicos de cada centro; b) por outra, aumentar a calidade da avaliación final do proxecto ao permitir unha análise comparada da información en dous momentos diferenciados, isto é, entre o punto de partida (antes de participar en OMQQ) e unha vez finalizada a intervención.

Para lograr estes obxectivos o proceso de elaboración do estudo pon o foco en **dous elementos fundamentais**:

1) Mantemento dunha canle de **comunicación fluída e constante** entre a empresa externa e as entidades consorciadas, para así garantir que a información relevante a ter en conta de cada centro poda ser empregada polas persoas que coordinan o proxecto antes de comezar a execución.

2) Aposta polo **enfoque participativo** e a implicación da diversidade de actores que participan en OMQQ: persoal técnico das ONGD, profesorado e alumnado.

As **fontes empregadas** para a recompilación e análise de información deste estudo son as seguintes:

- A revisión documental da información relacionada co proxecto, fundamentalmente: documento de formulación, avaliacións externas e diagnoses das dúas edicións anteriores, o *dossier* de actividades deste curso e as memorias de solicitude do Plan Proxecta elaboradas polos centros. Tamén se accedeu á web propia de OMQQ, así como ao seu perfil en Facebook.
- A información aportada polo profesorado do centro foi recollida empregando dúas técnicas:

- Unha sesión de traballo conxunta de 2 horas celebrada o 27 de novembro de 2018 en Santiago de Compostela. A esta sesión asistiu o profesorado de 6 centros[1], en total 8 persoas (1 profesor e 7 profesoras).

  A través de diferentes dinámicas recompilouse a información necesaria de cada un dos centros (motivación para participar e expectativas iniciais, iniciativas en marcha que poidan estar relacionadas, características ou necesidades específicas do seu alumnado, comprensión do que implica participar en OMQQ durante o curso,...)
- A información dos 2 centros que non puideron asistir a este encontro foi recollida mediante unha entrevista semiestruturada ao profesorado destes centros: unha entrevista grupal a 2 profesora e 1 profesor do CPI Zas (30/11/2018) e unha entrevista a 1 profesora do IES Sofía Casanova (10/12/2018). O guión destas entrevistas incluían a información relevante sinalada anteriormente para o encontro, contando obviamente cun nivel de afondamento moito menor.

- Cuestionario con preguntas pechadas para o alumnado en relación ao seu coñecemento e actitudes fronte as temáticas tratadas no proxecto[2]. Para a selección da mostra de alumnado participante decidiuse que, por interese do proxecto, visitaríanse os 8 centros e, por cuestións organizativas, escolleríase un só grupo de alumnado en cada un deles. O profesorado foi quen decidiu que grupo participaría atendendo a criterios puramente loxísticos (cadrar horarios de materias, docentes e alumnado).

  Finalmente, a mostra xeral está composta por 153 persoas (67 alumnas e 86 alumnos). Por centro contamos con: 16 estudantes de 2º da ESO do CPI Zas (8 rapazas e 8 rapaces), 20 de 3ºESO do IES Sofía Casanova (9 rapazas e 11 rapaces), 26 de 3ºESO do IES Plurilingüe Pedra da Aguia (13 rapazas e 13 rapaces), 21 de 2ºESO do CPI Dr López Suárez (6 rapazas e 15 rapaces), 15 de 2ºESO do CPI Luís Díaz Moreno (9 rapazas e 6 rapaces), 22 de 2ºESO do CPI A Cañiza (8 rapazas e 14 rapaces) e 33 de 4ºESO do IES Campo Alberto (14 rapazas e 19 rapaces).

[1] Asistiron 3 profesoras do IES Plurilingüe Pedra da Aguia, 1 profesora do IES Campo Alberto, 1 profesora do CPI A Cañiza, 1 profesor do IES A Chapela, 1 profesora do CPI Luís Díaz Moreno e 1 profesora do CPI Dr López Suárez.

[2] O modelo de cuestionario, así como o tratamento en bruto das respostas, entréganse nun arquivo por separado a este.

Nesta edición, OMQQ traballa con alumnado de Formación Profesional no IES A Chapela. Ao tratarse dun grupo amplo de estudantes, esta intervención enfócase coma unha pilotaxe de cara a ampliar o público obxectivo en futuras edicións máis aló da educación secundaria. Debido a isto, ás entidades coordinadoras interésalles especialmente avaliar o impacto e a execución de OMQQ neste centro. Por elo, o cuestionario realizado por este alumnado foi adaptado ao seu perfil (persoas máis maiores, moitas con experiencia previa, e inquedanzas e coñecementos moi diferentes ao alumnado de educación secundaria obrigatoria). Este é o motivo polo que nesta diagnose obsérvase a este centro de xeito individualizado, sen incluír a información deste grupo na mostra xeral de alumnado. Así a mostra seleccionado polo profesorado de A Chapela está conformada por 12 persoas (1 home e 11 mulleres) de diferentes ciclos formativos: CGM Atención á dependencia, GS Educación Infantil e GS Integración Social.

Polo tanto, a mostra global de alumnado para a elaboración desta diagnose acada o 31% do alumnado participante no curso 2018-2019 (o 47% son mulleres).

- A modo de complemento da información cuantitativa recollida nos cuestionarios, durante as visitas aos centros realizáronse breves grupos de discusión (ou formatos de entrevistas grupais) co mesmo alumnado participante. Deste xeito pódese observar o nivel de coñecemento sobre as temáticas relacionadas pero tamén, e máis importante, o nivel de participación, a capacidade de argumentación ou a destreza para identificar problemas sociais (locais-globais).

- Por último, como información adicional e con vistas a poder ampliar a análise de impacto na avaliación final, propúxoselle ao alumnado -a modo de xogo mental- que indicara nunha tarxeta de forma individual e anónima en que gastaría unha partida dun millón de euros de diñeiro público xestionado polo goberno autonómico galego. Deste xeito pódese esbozar, dunha forma moi básica, a súa xerarquía de prioridades e a súa implicación na loita contra as problemáticas sociais.

  De cara a poder analizar estes “propósitos”, previamente codificáronse as respostas en catro dimensións relacionadas cos ODS. Tres delas corresponden á sensibilidade ambiental, social e económica, cuxa resposta é dicotómica (SI/NON). É dicir, en tanto e canto o alumnado sinala ou non a vontade de destinar o orzamento dispoñible (ou

unha parte deste) a algunha causa relacionada cos contidos que se abranguen en cada dimensión[3].

Así mesmo, construíuse unha cuarta dimensión relacionada co ámbito e a distancia relativa do investimento destes cartos, codificada a partir das palabras clave das mensaxes do seguinte xeito:

- En canto ao ámbito, recóllense dous indicadores: 1) Eu, en clave egoísta, e 2) na miña contorna (é dicir, familia, amizades, etc.).
- Con respecto á distancia, constrúense os indicadores: 1) local (investimentos no meu centro, municipio ou Galicia) e 2) global (referente ao investimentos que superan os límites do local), o que permite reflexar a vontade do alumnado dende un plano espacial xeográfico, coas implicacións que isto ten.

Segundo as respostas do alumnado, cada indicador amosa unha porcentaxe que, sumados entres si, acadan un total do 100%. Por exemplo, se un alumno ou alumna indica que a metade dos cartos os investiría no seu Concello e o resto no seu ocio, a composición sería a seguinte: 50% eu, 0% contorna; 50% local, 0% global.

Esta orixinal proposta metodolóxica permite, como xa mencionamos, debuxar un esbozo da sensibilidade xeral nas aulas con respecto ás temáticas relacionadas co proxecto. Porén, trátase dunha aproximación, polo que os resultados acadados deben pensarse máis como unha imaxe panorámica da situación inicial a modo de referencia, e non como resultados consistentes e xeneralizables.

[3] Sendo conscientes de que todos os ODS son complementarios, integrais e abranguen varias dimensións, estas tres categorías correspóndese cos ODS do seguinte xeito: ambiental (ODS 2, 6, 11, 12, 13, 14, 15), social (ODS 1, 2, 3, 4, 5, 11, 16, 17) e económico (ODS 7, 8, 9, 10, 12).

3. ANÁLISE DOS RESULTADOS

3.1. ÁMBITO DA INTERVENCIÓN: CENTROS EDUCATIVOS

Neste ocasión *Cooperación Galega: o mundo que queremos* chega a 8 centros, todos eles de titularidade pública. A metade deles son colexios públicos integrados (CPI) e a outra metade son institutos de educación secundaria (IES). O nivel de dispersión xeográfica é elevado ao estar espallados por todo o territorio galego, chegando a 3 provincias e sendo maioritariamente non urbanos. A listaxe de centros participantes no curso 2018-2019 en OMQQ é a seguinte:

- IES Plurilingüe Pedra da Aguia, de Camariñas (A Coruña).
- IES Campo Alberto, de Noia (A Coruña).
- IES Sofía Casanova, de Ferrol (A Coruña).
- IES A Chapela, de Redondela (Pontevedra).
- CPI A Cañiza, de Cañiza (Pontevedra).
- CPI Luís Díaz Moreno, de Baralla (Lugo).
- CPI Dr. López Suárez, de Saviñao (Lugo).
- CPI Zas, de Zas (A Coruña).

A **motivación xeral** sinalada polos centros para decidir participar en OMQQ pode resumirse en lograr que o alumnado se implique na sociedade e tome conciencia da realidade do mundo, conformar cidadanía crítica e implicada na consecución dun mundo máis xusto.

O profesorado menciona como motivos para participar elementos como *"inculcar ao alumnado unha visión crítica da realidade para conseguir un mundo mellor"*, *"dotar ao alumnado dunha visión crítica e transformadora da sociedade"*, *"fomentar o espírito crítico e a implicación do alumnado na mellora da súa contorna"*, *"facelos parte da sociedade, que tomen conciencia e actitude crítica"*, *"non son moi conscientes da cantidade de inxustizas sociais que hai, (queremos) que se cuestionen cousas que dan por feitas"* ou *"dotalos de contidos, ferramentas e valores para afrontarse ao mundo que os rodea"*. Por elo, percíbese un grao de coherencia elevado entre o que o profesorado percibe e o que realmente é o proxecto. Deste xeito, pódese deducir que neste senso non deberían de xurdir grandes obstáculos durante a execución do proxecto xa que a interpretación dos centros e das ONGD sobre ao que apunta OMQQ é moi similar.

Tendo en conta os resultados da avaliación externa da pasada edición, nesta ocasión preguntóuselles ao profesorado cales pensaban que serían as súas **responsabilidades durante a execución do proxecto**. Neste senso, a priori manifestan ter claro nos 8 centros que, para

garantir unha execución exitosa, terán a responsabilidade de coordinar as datas das visitas (cadrar horarios de materias e profesorado), manter a comunicación co equipo directivo do centro e informar ao resto do claustro para que coñezan o proxecto e poidan implicarse. Así mesmo, a metade dos centros sinala tamén como responsabilidade do profesorado o informar ao alumnado antes de cada sesión do que se traballará na aula e tamén motivar ás rapazas e rapaces ao longo do curso.

Cabe sinalar que estas repostas foron dadas no encontro presencial inicial no que a primeira metade da sesión foi destinada, entre outras cousas, á explicación por parte das ONGD do que implica OMQQ e as tarefas que deberán realizar os centros durante o curso. Deste xeito, entendemos que inicialmente a comunicación e o entendemento entre ambos actores é moi bo. Mentres que o curso pasado se detectara unha interpretación diferente por parte dalgún centro en relación a estas cuestión organizativas, este curso a comprensión inicialmente parece excelente. Pódese afirmar que tanto o profesorado como as ONGD falan unha mesma linguaxe no momento de arrancar OMQQ, recomendando unicamente destinar unha parte do esforzo a manter esta comunicación fluída ao longo de todo o curso.

A continuación recóllese unha caracterización xeral de cada un dos centros en relación aos elementos de interese para as ONGD consorciadas. Esta información recompilouse na sesión presencial co profesorado na que, elaborando mapas mentais, explicaron cales son as canles de participación do seu alumnado, as iniciativas que teñen en marcha que poidan estar relacionadas, o funcionamento das súas ANPAS e as relacións do centro coa súa contorna. Do mesmo xeito, os centros que non participaron nesta actividade aportaron dita información a través das entrevistas realizadas ao profesorado.

Exemplo de Mapa Mental elaborado polo CPI A Cañiza



CPI A CAÑIZA

Este centro sinala que normalmente o profesorado implícase nos proxectos deste tipo, fundamentalmente tres (materias de música, educación física e lingua española). Ademais contan cun grupo de solidariedade coordinado pola profesora de música. A dinámica propia do centro caracterízase por organizar multitude e diversas actividades de xeito coordinado e consensuado entre diferentes departamentos (biblioteca, valores éticos, orientación,...) como concursos, saídas escolares,...

Así mesmo, contan con varias iniciativas en marcha que poderían vincularse a OMQQ. Participan en varios Proxecta: "o home do lume", "aprendendo programando", "proxecto terra" ou "aliméntate ben". Tamén traballan con Quérote+; o Plan Proa (Programas de Reforzo, Orientación e Apoio), xa que teñen alumnado con moitas necesidades de reforzo educativo; e este ano desenvólvese por primeira vez a materia de Hábitos Saudables. Colaboran activamente con UNICEF en diversas campañas solidarias e con outras entidades como a Cruz Vermella. Afirman que traballan a temática da igualdade de xénero empregando fundamentalmente contidos audiovisuais e performance. Polo tanto, pode considerarse un centro altamente implicado e activo coas temáticas relacionadas con OMQQ, resultando interesante analizar a posibilidade de unir esforzos con algunha dela para ampliar o impacto das actuacións.

Pola contra, non contan cunha ANPA especialmente activa ou implicada, amosando máis interese polas peticións puntuais que pola implicación a nivel académico. Sen embargo, manteñen unha relación moi fluída co Concello. De feito, contan cunha iniciativa en marcha con Asuntos Sociais de moito interese: o alumnado que, por diversos motivos, é expulsado pasa o tempo de expulsión nunha aula coa traballadora social do concello na que traballan aspectos relacionados co motivo de expulsión.

IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Neste caso afirman que un grupo pequeno de profesorado é o implicado nestas iniciativas pero que se mantén estable ao longo do tempo. A pesares de non ser un gran número, teñen en marcha varias iniciativas interesantes entre as que destacan: DAFIS (actividades de promoción da vida activa e saudable), CONSUMÓPOLIS (vertente medioambiental), Correspondentes xuvenís 3.0, Escolas Embaixadoras da Unión Europea, Parlamento Xove, Quérote+ e o Contrato Programa sobre mellora da convivencia.

A relación co Concello tamén é estreita, concretamente con Asuntos Sociais, contando cun programa de intervención familiar ou con obradoiros de educación sexual impartidos pola súa técnica de igualdade. Tamén colaboran puntualmente coa entidade Cáritas para campañas solidarias (por exemplo, recollida de alimentos).

A ANPA, a pesares de existir formalmente, non está activa. Pero si está organizado un grupo de encontro de nais e pais no que tratan temas puntuais unha vez ao mes. Pola súa banda, a participación do alumnado, máis aló das canles formais, realízase a través dun buzón de suxestións e empregando unha pequena radio na biblioteca para facer oír a súa voz.

IES A CHAPELA

Este centro caracterízase por ser dunha dimensión grande ao contar cunha oferta formativa ampla: educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos das familias profesionais de sanidade e servizos á comunidade. Así mesmo, os ciclos formativos ofértanse en quenda de diúrno e de ciclos adultos (oferta modular). Isto fai que o perfil do seu alumnado sexa moi diverso.

Contan tamén con diversas iniciativas en marcha que poden vincularse ou complementar a labor de OMQQ como: o equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (cun alto compoñente de contidos audiovisuais), o equipo ou espazo de convivencia, o Erasmus+, o Plan Proa (Programas de Reforzo, Orientación e Apoio) ou a organización do Día do Maior do seu Concello (programar e implementar as actividades conmemorativas deste día por parte do alumnado).

Este instituto mantén unha moi boa relación coa súa contorna. Así, manifestan que colaboran habitualmente co Concello de Redondela (especificamente tamén co departamento de Servizos Sociais), o multiusos do Piñeiral (un centro moi preto do instituto co que sempre hai relación bidireccional), a Escola de Música ou o centro de educación infantil e primaria co que organizan accións conxuntas (como, por exemplo, un maratón ou os actos do Día das Letras Galegas).

Os mecanismos de participación do alumnado (máis aló da Xunta de Delegados, o Consello Escolar ou o buzón de suxestións) focalízanse en dous espazos: o espazo de mediación para a convivencia e o departamento de servizos.

IES CAMPO ALBERTO

Afirman que hai un grupo de 6 profesores e profesoras moi activo e implicado (materias de francés, debuxo, educación física, música, relixión, economía), que contan cun departamento de orientación que funciona moi ben e unha dinamización da biblioteca boa.

Así mesmo, contan con dous iniciativas en marcha para este curso que se poderían vincular a OMQQ perfectamente. Por unha banda, un proxecto de patrimonio cultural que traballa o alumnado de 3º e 4º da ESO e, por outra, unha acción realizada con xente de Camerún na materia de francés e economía coa que se busca coñecer e comparar a realidade galega e a camerunesa (cultura, situación económica, cuestións sociais,...).

En relación á ANPA comentan que, aínda que non é moi numerosa, si participa activamente e se implica no desenvolvemento de diferentes accións do centro. E en canto ao alumnado, máis aló dos mecanismos formais, non existe ningunha canle específica que fomente a súa participación na vida do centro. Neste senso, recoñecen que a biblioteca funciona como punto de encontro e xuntanza do alumnado e pode servir un pouco de dinamización.

IES SOFÍA CASANOVA

Neste instituto de Ferrol afirman que contan cun grupo de seis ou sete profesores e profesoras implicadas en OMQQ. Ao ser un centro mediano e urbano contan con multitude de iniciativas en marcha, algunhas das cales poden apuntar a mellorar o impacto do proxecto. Algunhas destas accións son: o Espazo Maker (creativo, audiovisual), o Club de Ciencias que organizan gymkanas científicas, un proxecto conxunto cun centro de FP sobre o sistema solar ou o plan de mellora da convivencia que comeza este curso. Ao redor da biblioteca xiran moitas iniciativas interesantes como o club de lectura, club de manga, obradoiro de microescritura ou o grupo de voluntariado. E no Plan Proxecta, ademais de OMQQ, participan en Xogade, Plan de centro saudable, Correspondentes Xuvenís e Froitas na Escola.

As sinerxías e colaboracións con outros actores da contorna é continua. Traballan co Concello de Ferrol en diversas actividades (como os obradoiros de igualdade), coa Policía, cun centro de maiores próximo, cun centro de FP do lado e coa Universidade da Coruña (sobre todo na área de tecnoloxía).

CPI LUÍS DÍAZ MORENO

Neste centro de Baralla recoñecen que o profesorado en xeral está con moitas ganas de pór en marcha iniciativas deste tipo, polo tanto o nivel inicial de motivación é elevado. Actualmente as accións que implementan son escasas, destacando algunha actividade con Cruz Vermella (charlas, fundamentalmente). Non é un centro moi dinámico nin con traxectoria en coordinarse cos actores da súa contorna para traballar conxuntamente. Tampouco conta cunha ANPA que participe e se implique na vida do centro. Máis aló dos mecanismo formais non conta con ningunha canle que fomente a participación do alumnado (que en xeral os definen como moi receptivos e receptivas cando se lles propón algo pero con pouca iniciativa).

CPI DR LÓPEZ SUÁREZ

Inicialmente contan con tres ou catro docentes con intereses en impulsar OMQQ no centro e, en termos xerais, o seu claustro é receptivo a este tipo de iniciativas. Tampouco é un centro que destaque polo seu dinamismo en accións relacionadas coas temáticas do proxecto, sinalando unicamente a organización de carreiras solidarias, campañas de recollida de alimentos e a temática da alimentación saudable. En relación con isto, tampouco contan con traxectoria na coordinación con outros actores da súa contorna (destacan, iso si, as relacións con algunhas asociacións culturais). A ANPA é activa no senso de organizar as actividades extraescolares e responsabilizarse nas tarefas de coidado no comedor escolar pero non se implican máis aló diso na vida do centro. Por último, non teñen en marcha ningunha canle específica para darlle voz e fomentar a participación do seu alumnado. Non obstante, o espazo da biblioteca serve ás veces como punto de encontro e de organización.

CPI ZAS

Un profesor e dúas profesoras están totalmente implicadas na organización de OMQQ. É un centro pequeno pero moi activo e dinámico. Así, contan con varias iniciativas en marcha que poden encaixar cos obxectivos do proxecto como unha liga de debate na aula na que empregan temáticas de índole social (tamén club de debate que participará no campionato que organiza a Fundación Barrié), unha actividade na que traballan contrapublicidade co alumnado de 1º ESO, a materia de libre configuración de hábitos de vida saudable na que introducen temas de comercio xusto, consumo responsable e de produción ecolóxica e produtos de tempada.

Neste momento non está conformada unha ANPA e tampouco contan con familias moi implicadas no centro. Pola contra, manteñen unha moi boa relación co Concello de Zas, do que sempre reciben resposta positiva ás súas propostas. Non hai ningún mecanismo establecido para fomentar a participación do alumnado na vida do centro (máis aló dos formais) pero, ao ser un centro pequeno, as aulas son o espazo no que se escoitan as súas suxestións.

Unha cuestión que pode ser de interese para desenvolver as actuacións de OMQQ é que o centro está ubicado nunha comarca de fillos e fillas da emigración, é un elemento moi marcado e pode ser unha boa forma de achegarse ao alumnado para comprender a realidade global e apuntar á interrelación entre o local e o global.

Para complementar a visión xeral dos centros educativos, recompilouse información en relación ao que o profesorado agarda de cada unha das actividades, así como as características ou necesidades propias do seu alumnado que se deben ter en contra no momento de planificar e executar as sesións nas aulas. Esta información obtívose de xeito participativo na sesión presencial, realizando esta actividade catro dos oito centros participantes. A continuación recóllese o resumo por cada un dos centros.

IES CAMPO ALBERTO

SESIÓNS	QUE AGARDADES DESTA ACTIVIDADE	QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO
PARADA 1. SESIÓN INTRODUTORIA	*Potenciar conciencia ambiental relacionada co sector produtivo de Noia*	
PARADAS 2 e 3. OBRADOIROS DE COMUNICACIÓN	*Que axude a desenvolver a promoción "dunha festa" para pór en valor a Ría da Estrela*	*Temos alumnado con baixa autoestima e pouco hábito de traballo. "Motivar a participación"*
PARADA 4. TEATRO FORO	*A importancia da comunicación e expresarse*	
PARADA 5. VISITA DO SUR	*Hai outras realidades (empatía) pero estamos interconectados*	
PARADA 6. ACTO DE INCIDENCIA		

CPI A CAÑIZA

SESIÓNS	QUE AGARDADES DESTA ACTIVIDADE	QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO
PARADA 1. SESIÓN INTRODUTORIA	*Concreción da temática do proxecto*	*Datas "apretadas"*
		Alumnado pasivo ou alumnado "demasiado" participativo (conduta)
		Teñen identificado alumnado de atención á diversidade que pode influír no desenvolvemento das sesións. *Recoméndase chamar previamente á docente para que explique a situación concreta do centro (e que todas a monitoras/es de OMQQ coñezan esta cuestión antes de visitar o centro)*
PARADAS 2 e 3. OBRADOIROS DE COMUNICACIÓN	*Aprendizaxe de técnicas de traballo*	*Condutas disruptivas*
	Creatividade ante as tarefas propostas	*Impulsividade*
		Dificultades cara ao mundo dixital
PARADA 4. TEATRO FORO	*Participación do alumnado que habitualmente non participa*	*Quendas de participación (queren todos no mesmo tempo)*
	Inmersión directa na actividade (esquecerse do resto)	*Temática (casos particulares de violencia,...). Falar antes coa docente para explicación.*
PARADA 5. VISITA DO SUR	*Escoita atenta e participativa por parte do alumnado*	*Cústalles manter quendas de palabra*
	Desenvolvemento da empatía	*Hai alumnos con pais emigrados neste curso (os pais están fóra)*
PARADA 6. ACTO DE INCIDENCIA	*Creación dun festival que faga visible os valores, condutas e contidos traballados*	*Tempo reducido para a organización*
	Exhibición do traballo realizado	*Participación de alumnado (moitos senten vergoña)*

IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

SESIÓNS	QUE AGARDADES DESTA ACTIVIDADE	QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO
PARADA 1. SESIÓN INTRODUTORIA	*Definir un tema consensuado*	*O alumando ten escasos coñecementos de cultura xeral*
		O alumnado medra na cultura da "pasividade"
PARADAS 2 e 3. OBRADOIROS DE COMUNICACIÓN	*Ter un modelo claro que conxugue a ferramenta e a temática*	*Capacidade de expresión e argumentación baixa*
	Coñecer os rudimentos básicos de radio e vídeo para desenvolver o proxecto	*Incorreccións idiomáticas*
		Baixo dominio das ferramentas dixitais
PARADA 4. TEATRO FORO	*Tomen conciencia das situacións dramatizadas e que se posicionen*	
	Participación activa do alumando	
PARADA 5. VISITA DO SUR	*Que a temática que traten teña relación real coa contorna do alumnado*	*Saber canto antes a data para axustar horarios*
	Que traten a temática que se traballe no centro	
PARADA 6. ACTO DE INCIDENCIA	*Un produto final digno e que reflexe o traballo*	
	Que o alumnado sexa protagonista total	

IES A CHAPELA

SESIÓNS	QUE AGARDADES DESTA ACTIVIDADE	QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO
PARADA 1. SESIÓN INTRODUTORIA	*Que o alumnado faga seu o proxecto*	*Alumnado maior de idade (maioritariamente) e con "vocación" social*
	Que o alumnado escolla unha temática para o proxecto	*Recoméndase coñecer ben o perfil do alumnado antes de realizar as actividades (solicitar esta información ao centro xa que o profesor participante non dispón dela)*
PARADAS 2 e 3. OBRADOIROS DE COMUNICACIÓN	*Creación participativa, colectiva e enriquecedora*	*Posibles desigualdades en competencia dixital entre o alumnado*
PARADA 4. TEATRO FORO	*Participación activa*	*Posibles "diversidades"*
	Superación da autocensura	*Posibles "fobias" ou medos*
PARADA 5. VISITA DO SUR	*Corresponsabilidade das posibles desigualdade existentes*	*Alumnado maioritariamente de xénero feminino*
PARADA 6. ACTO DE INCIDENCIA	*Posta en marcha dun acto por parte do alumnado*	*Saturación do alumnado por mor dos traballos e probas propias de titulación e de posibles obrigas laborais*

Os outros catro centros aportaron esta información dun xeito menos detallado a través de entrevistas ao profesorado. O CPI Zas afirma que non hai ningunha situación especial que precise ser tida en conta previamente. No CPI Luís Díaz Moreno sinalan unicamente un caso dun alumno con TDAH intenso e impulsividade verbal que, se ben a idea é que se involucre co resto do grupo, debe coñecerse para calmalo ou controlalo se nalgún momento xorde algún conflito. Tamén no CPI Dr López Suárez sinalan dous casos puntuais de alumnos (con escasas habilidades sociais un e cun nivel alto de desmotivación outro) pero que non deberían repercutir no desenvolvemento das actividades. Por último, no IES Sofía Casanova manifestan que hai que ter en contar dous temas no momento de como enfocar os contidos das sesións xa que nas aulas hai algún caso de: embarazo adolescente e acoso escolar. Tamén hai que ter en conta que é un centro cunha porcentaxe alta de poboación de etnia xitana.

3.2. POBOACIÓN BENEFICIARIA DIRECTA: O ALUMNADO

3.2.1. Alumnado de secundaria

Para poder realizar a análise do coñecemento e das actitudes do alumnado dende un enfoque máis cuantitativo foi realizada unha enquisa cunha mostra do alumnado: 153 estudantes (44% rapazas) dos sete centros participantes. O cuestionario está composto por: a) 12 ítems de resposta dicotómica "certo/falso", co fin de analizar o seu coñecemento con respecto a cuestións tales como interculturalidade, ODS, igualdade de xénero ou a percepción da realidade global; b) un bloque de 12 enunciados cuxa resposta realízase mediante unha escala numérica do 1 ao 5, sendo 1 “non me sinto nada identificada” e 5 “síntome totalmente identificada”. A partires da recollida da información e a posterior codificación, realizouse o tratamento de datos requirido para calcular as medias correspondentes a cada indicador (desagregando os mesmos por sexo).

Nas gráficas que seguen poden observarse dunha forma moi visual as respostas globais para cada un dos 12 ítems do primeiro bloque:

INTERCULTURALIDADE

En Galicia non existe o racismo



As persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia



Traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas



FEMINISMO

O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes



Na maioría de países do mundo non existe discriminación entre mulleres e homes



ODS

Os ODS poden traballarse dende o meu concello



Os ODS son moi específicos e non teñen relación coa miña vida, a min non me afectan



Os ODS están deseñados para traballar exclusivamente nos países do Sur



PERCEPCIÓN DA REALIDADE - ACTITUDE PARA O CAMBIO

O mundo actual é suficientemente xusto



Gustaríame facer algo para que o mundo fora máis xusto



Só os gobernos poden facer que o mundo sexa máis xusto



Eu non podo facer nada para mellorar o medio ambiente



Na táboa seguinte recóllense as respostas medias deste primeiro bloque de enunciados segundo sexo e temática. En xeral, apréciase un nivel medio-alto de coñecemento en todas as áreas exceptuando a dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible na que o coñecemento non alcanza o 40% do alumnado. A taxa de non resposta nesta materia indica un descoñecemento manifesto dos ODS para case a metade da mostra, o que debe tomarse en conta durante a execución da intervención.

O resto das áreas indican un coñecemento superior ao 70% en todos os casos: 73% no eixo da interculturalidade, 77% en igualdade de xénero e un nivel alto en canto á percepción da realidade global dende unha visión crítica (en torno ao 88%).

Existen algunhas diferenzas destacables por sexo xa que, en xeral, a posición de partida das rapazas é máis positiva. Esta diferencia é especialmente notable nas temáticas

relacionadas co feminismo xa que o nivel de coñecemento é case 23 puntos superior no caso das rapazas (88,1% fronte ao 65,5% dos rapaces), cuestión relevante a ter en conta no momento da intervención. No ámbito da interculturalidade esta diferenza por sexo é de aproximadamente 8 puntos (76,9% fronte ao 68,6%), no coñecemento dos ODS de 11 puntos (44,3% fronte ao 33,6%) e de 7 puntos na percepción da realidade global (91% fronte ao 84,4%).

Táboa 1. Percepción do alumnado en relación a varias afirmacións relacionadas coas temáticas de *O mundo que queremos* segundo sexo. Porcentaxe

ENUNCIADO	MULLER			HOME			TOTAL		
	CERTO	*FALSO*	*NS*	*CERTO*	*FALSO*	*NS*	*CERTO*	*FALSO*	*NS*
FEMINISMO									
Na maioría de países do mundo non existe discriminación entre mulleres e homes	3,0%	91,0%	6,0%	13,8%	79,3%	6,9%	9,1%	84,4%	6,5%
O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes	10,4%	85,1%	4,5%	17,2%	51,7%	31,0%	14,3%	66,2%	19,5%
INTERCULTURALIDADE									
Traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas	15,2%	63,6%	21,2%	12,6%	58,6%	28,7%	13,7%	60,8%	25,5%
As persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia	3,0%	72,7%	24,2%	13,8%	62,1%	24,1%	9,2%	66,7%	24,2%
En Galicia non existe o racismo	6,0%	94,0%	0,0%	8,0%	85,1%	6,9%	7,1%	89,0%	3,9%
PERCEPCIÓN DA REALIDADE / ACTITUDE PARA O CAMBIO									
O mundo actual é suficientemente xusto	3,1%	93,8%	3,1%	8,1%	82,6%	9,3%	6,0%	87,4%	6,6%
Só os gobernos poden facer que o mundo sexa máis xusto	11,9%	77,6%	10,4%	16,1%	78,2%	5,7%	14,3%	77,9%	7,8%
Gustaríame poder facer algo para que o mundo fora máis xusto	97,0%	1,5%	1,5%	87,4%	3,4%	9,2%	91,6%	2,6%	5,8%
Eu non podo facer nada para mellorar o medio ambiente	3,0%	95,5%	1,5%	4,7%	89,5%	5,8%	3,9%	92,2%	3,9%
ODS									
Os ODS poden traballarse desde o meu concello	35,8%	1,5%	62,7%	26,7%	3,5%	69,8%	30,7%	2,6%	66,7%
Os ODS son moi específicos e non teñen relación coa miña vida, a min non me afectan	4,5%	50,7%	44,8%	7,0%	33,7%	59,3%	5,9%	41,2%	52,9%
Os ODS están deseñados para traballar exclusivamente nos países do Sur	3,0%	46,3%	50,7%	2,3%	40,2%	57,5%	2,6%	42,9%	54,5%

Fonte: Elaboración propia.

En canto ao segundo bloque do cuestionario (táboa 2), correspondente á identificación do alumnado con diferentes enunciados, os datos sinalan niveis medio-altos de identificación nas temáticas relacionadas coa igualdade de xénero, a interculturalidade e a actitude cara o cambio. Non ocorre así cos apartados referidos aos ODS e ao global-local, onde os datos sinalan un nivel de identificación medio-baixo (como media o alumnado sitúase no 2,33 no caso dos ODS e do 2,51 no caso do glocal). Parece razoable pensar que isto pode indicar un nivel de descoñecemento importante das cuestións incluídas nestes dous bloques temáticos, en liña co que subliñan os resultados da primeira parte do cuestionario comentada anteriormente.

No eixo do feminismo e a igualdade de xénero apréciase un nivel medio-alto, con diferenzas importantes por sexo en canto á autoidentificación como persoa feminista, xa que o grupo de rapazas identifícase dunha forma moito máis intensa que o grupo de rapaces (4,61 fronte ao 3,18 de media respectivamente). No resto de indicadores relativos a este bloque temático non se aprecian maiores diferenzas por sexos, aínda que o grupo de rapazas tende a amosar niveis moderadamente máis elevados de identificación que o grupo de rapaces.

No referido á interculturalidade a liña é a mesma. Obsérvanse niveis medio-altos en xeral, sen grandes diferenzas por sexos, aínda que o grupo de rapazas parece lixeiramente máis sensibilizado con respecto a este tipo de cuestións que o grupo de rapaces.

En canto á percepción da realidade-actitude para o cambio, os datos sinalan niveis de identificación medios, sen grandes diferenzas por sexo aínda que coa mesma tendencia que anteriormente: as rapazas amosan unha actitude cara o cambio ou visión crítica do mundo lixeiramente superior aos rapaces.

Táboa 2. Valoración media da autoidentificación nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "non me sinto nada identificada" e 5 "síntome totalmente identificada") segundo sexo.

ENUNCIADO	MEDIA		
	MULLER	*HOME*	***TOTAL***
FEMINISMO			
É normal que un rapaz opine sobre como debe vestir a súa moza	1,09	1,38	**1,25**
Son feminista	4,61	3,18	**3,81**
Todas as nenas e nenos do mundo van á escola	1,30	1,72	**1,54**
INTERCULTURALIDADE			
Vivir en contextos culturalmente diversos é algo enriquecedor	4,15	3,87	**3,99**
A maioría de persoas que emigran no mundo o fan por decisión propia, simplemente porque queren cambiar de país	1,81	1,83	**1,82**
ACTITUDE PARA O CAMBIO			
Faga o que faga, eu non podo cambiar o mundo nin axudar a que sexa un lugar mellor	1,93	2,23	**2,10**
Sinto que son importante para cambiar o mundo	3,42	3,04	**3,20**
As grandes empresas teñen moita da responsabilidade das desigualdades do mundo	3,57	3,59	**3,58**
ODS / GLOBAL-LOCAL			
Os ODS nada teñen que ver comigo	2,32	2,35	**2,33**
O que eu compro e consumo garda relación coas desigualdades no mundo	2,70	2,47	**2,57**
Os Dereitos Humanos están garantidos en todo o mundo	2,49	2,40	**2,44**

Fonte: Elaboración propia.

Como se explicou no apartado de metodoloxía, para complementar a información proporcionado polo cuestionario propúxoselle ao alumnado unha especia de xogo mental: imaxinar que teñen a posibilidade de decidir como xestionar unha partida de un millón de euros do goberno autonómico galego. Así, de forma individual e anónima, cada estudante escribiu nunha tarxeta como gastaría ese diñeiro público[4].

Na táboa 3 recóllese a información recompilada mediante este procedemento. No caso das tres primeiras dimensións (enfoque ambiental, social e económico), apréciase unha relevante sensibilidade cara o social xa que o 61% do alumando menciona nas súas vontades algún tipo de investimento neste sentido. Pola contra, tan só o 8% do alumnado menciona algunha problemática de tipo ambiental e un 15% apunta a elementos económicos estruturais.

Observando a dimensión relativa ao ámbito e a distancia evidéncianse dúas visións diferenciadas nas aulas. Por unha banda, o 39% do alumando menciona elementos de tipo

[4] Por este motivo, liberdade para escribir o que quixeran nunha tarxeta en branco sen proporcionar o seu nome, os datos non poden ser desagregados segundo sexo.

individualista-egoísta, é dicir, gastarían os cartos públicos dispoñibles en si mesmas/os, sexa en ocio, roupa, casas, coches, etc. Por outra, o 38% do alumnado fai mención a cuestións colectivas de ámbito global tales como destinar eses cartos á sanidade, educación, ás persoas refuxiadas ou a algún tipo de proxecto que procure unha mellora colectiva. Estes datos non están necesariamente confrontados xa que unha parte importante do alumnado fai mención ás dúas visións. Así, hai alumnas e alumnos que mencionan varios desexos e non sempre na mesma dirección.

Sen embargo, os datos sinalan claramente unha tensión entre o individual-egoísta e o colectivo-altruísta nas aulas que abre unha marxe de traballo nada desprezable de cara a execución desta intervencións (así como de futuras edicións).

Cabe sinalar tamén que, nunha escala individualista-egoísta menor, case o 9% mencione a algún familiar ou amizades como persoas destinatarias destes cartos. Se ben estes familiares (ou amigas e amigos) poden estar vivindo unha situación complicada e a súa intención é realizar unha intervención de carácter social, na explicación deste exercicio exponse a titularidade pública do orzamento, polo que un investimento no círculo máis próximo do alumando continúa operando na escala individualista-egoísta, aínda que obviamente nun nivel inferior.

Por último, case o 15% aposta por destinar estes cartos na súa contorna pero dende unha óptica pública, máis aló das relacións familiares e amizades. Algúns dos desexos nesta liña teñen que ver con arranxar ou investir no propio colexio ou en inversións a nivel municipal que melloren o pobo ou a cidade na que residen.

Táboa 3. Respostas do alumnado categorizadas segundo enfoque temático e ámbito-distancia. Porcentaxe.

	DIMENSIÓNS DE ANÁLISE						
	ENFOQUES			ÁMBITO E DISTANCIA			
	AMBIENTAL	SOCIAL	ECONÓMICO	EU	ENTORNO	LOCAL	GLOBAL
	7,87%	**61,24%**	**14,61%**	**38,55%**	**8,82%**	**14,72%**	**38,12%**
EXEMPLOS DE PALABRAS CLAVE	*Bosques*	*Sanidade*	*Paro*	*Viaxes*	*Irmá*	*Concello*	*Sanidade*
	Ría	*Educación*	*Crise*	*Roupa*	*Nai*	*Rúas pobo*	*Educación*
	Praias	*Doar ONG*	*Desigualdades*	*Coche*	*Pai*	*Biblioteca municipal*	*Cultura*
	Animais	*Recursos contra a violencia de xénero*	*Postos de traballo para integradores sociais*	*Casa*	*Amizades*	*Galicia*	*Persoas refuxiadas*
	Refuxio animais	*Nenos/as desfavorecidas*	*Recursos dependencia*	*Inversión*	*Irmán*	*Comedor colexio*	*Erradicar a pobreza*
	Limpar fincas	*Colexios*	*Repartir entre a xente*	*Aforro*	*Demais familia*	*Arranxar o centro do pobo*	*ONG*
	Cambio climático	*Albergues para sen teito*	*Pensións*	*A miña educación*	*Avoa*	*Centro de día*	*Dependencia*

Fonte: Elaboración propia.

Para complementar a información recompilada ata aquí en relación ao alumnado, nas visitas ás aulas realizáronse breves grupos de discusión (ou entrevistas colectivas) para obter unha imaxe da situación do estudantado en canto a coñecementos ou comportamentos xerais.

Neste senso, tres das aulas visitadas amosan un nivel de participación alto (responden ás preguntas realizadas e formulan novas preguntas, xeran debate no grupo) e catro un nivel medio. Estes catro centros cunha dinámica máis feble de participación son os de Ferrol, Saviñao, Cañiza e Noia. Non obstante, que o nivel de participación sexa alto non leva aparellado que amosen destreza nos elementos fundamentais para o debate en grupo e o diálogo. Tan só o centro de Zas evidenciou un nivel elevado tamén en canto a respecto das quendas de palabras, a escoita activa, a argumentación[5]. O resto de centros manteñen un nivel medio similar en relación a estas habilidades, destacando tres centros como os que menos destrezas demostran neste senso: Saviñao, Camariñas e Noia.

Coñecer estas situacións resulta interesante para as monitoras do proxecto de cara a preparar e adaptar os enfoques de cada sesión ás peculiaridades de cada aula.

[5] Algo que sen dúbida garda relación coa labor do centro por conformar e traballar como club de debate.

Partindo destas dinámicas diferentes de cada aula, a totalidade dos grupos amosan unha percepción clara das inxustizas do mundo. Son capaces, non só de posicionarse a favor dun mundo máis xusto, senón de identificar as situacións que xeran inxustizas a nivel global e local e ata de propor posibles solucións. O nivel de afondar máis ou menos nos problemas e solucións é proporcional ao nivel de desenvolvemento das habilidades relacionadas coa participación que mencionamos anteriormente.

E neste senso, non só identifican problemáticas sociais senón que perciben que elas e eles poden facer algo para contribuír a un mundo máis xusto. Esta tendencia favorable en relación á súa actitude para o cambio social é practicamente a visión unánime en todas as aulas visitadas, agás no instituto de Ferrol no que hai un 35% de alumnado que pensa que cambiar o mundo non é posible e que elas e eles non poden facer nada para elo. Non obstante, cabe sinalar que de xeito xeral teñen unha gran dificultade en mencionar accións que poidan realizar para contribuír a un mundo máis xusto (sendo interesante que, durante a súa participación en OMQQ, se lles presenten e ofrezan diferente opcións para facilitar que canalicen as súas inquedanzas cara a unha implicación social máis activa).

En canto a algunhas das temáticas traballadas nesta intervención, inicialmente percíbese un coñecemento e comprensión adecuado de conceptos como igualdade de xénero, feminismo, machismo ou racismo. Por unha banda, case na súa totalidade saben definir os conceptos e teñen a capacidade de citar exemplos dos mesmos (tanto da súa realidade máis próxima, como a nivel global). Ademais, declaran estar a favor do fomento destes valores en senso positivo.

En perspectiva comparada, hai dous centros nos que o punto de partida sobre a manifestación dunha visión a prol da igualdade de xénero é algo máis baixa. Son os casos dos centros de Saviñao[6] e Baralla, dato a ter en conta no momento de implementar a intervención.

Pola contra, o coñecemento sobre o que é a cooperación ou educación para o desenvolvemento é baixo en termos xerais. Isto percíbese no momento de explicar ou definir o termo e tamén cando teñen que citar ONGD. A súa capacidade de recordar ONGD é limitada e normalmente ou ben citan ONG de carácter máis asistencial (como Cáritas ou Manos Unidas), ou ben recordan algún nome das que teñen unha maior presenza en espazos publicitarios da televisión (Médicos Sin Fronteras, UNICEF, Cruz Roja ou Save The Children). Neste senso,

[6] Durante a visita a este grupo xurde un debate sobre as profesións que poden desenvolver as mulleres e, a pesar ter demostrado previamente que coñecen o que implica a igualdade de xénero, unha parte importante do alumnado argumenta empregando estereotipos de xénero e comentarios machistas. Polo tanto, sería relevante afondar con maior énfase nesta temática con este grupo.

destaca o caso positivo do centro de Noia. Este alumnado amosa un maior coñecemento de diversas ONGD e, ademais, afirmar participar nos seus programas de voluntariado (un pequeno grupo desta aula participa nun programa de voluntariado de Entreculturas sobre interculturalidade que podería ser interesante coñecer para analizar as posibilidades de vinculación con OMQQ).

3.2.2. Alumnado de formación profesional

Como se explicou no apartado de metodoloxía, nesta edición de OMQQ trabállase cun grupo amplo de alumnado de Formación Profesional. As entidades consorciadas enfocan esta liña como unha pilotaxe de cara a estudar a viabilidad de implementar o proxecto con alumnado que non sexa de secundaria[7]. Por elo, a mostra de estudantes do IES A Chapela analízase de xeito separado.

O primeiro a mencionar é ao observar as respostas dun grupo tan reducido (12 estudantes), os resultados non poden interpretarse de forma categórica senón que son máis unha visión orientativa que pode amosar tendencias febles. Así mesmo, a composición desta mostra (11 mulleres e 1 home) imposibilita a análise de datos segundo sexo.

O cuestionario para este grupo foi adaptado e está conformado por tres bloques: os mesmos dous do anterior cuestionario (modificando algúns enunciados) e un bloque de tres preguntas abertas sobre a dimensión global[8].

Para valorar as preguntas abertas establécese unha escala de cinco rangos de coñecemento, nos que enmarcan as respostas do alumnado:

[7] Na segunda edición de OMQQ traballárase tamén con alumnado de FP pero o grupo era máis reducido e non se percibira como de interese focalizarse en analizalo de xeito individual. Nesta ocasión, a intervención apunta a toda a familia profesional do instituto polo que se pensa que é un alumando potencialmente sensible a estes temas e poden ser futuras aliadas e aliados (tamén se lles presupón unha sensibilidade e coñecemento sobres estes temas relevante).

[8] En consenso coas entidades coordinadoras, seleccionouse esta temática como prioritaria para coñecer a súa situación de partida. Enténdese que quizais, polo perfil deste alumnado, as súas destrezas en temas como igualdade de xénero ou interculturalidade deberían ser boas pero dubidábase da súa capacidade inicial para a análise desde unha visión máis global.

1) **DESCOÑECEMENTO**: cando non se responde ou a resposta non se axusta ao concepto. Por exemplo, ante a pregunta que son os ODS, a resposta *"Os obxectivos son gastar o mesmo que lle devolves á terra. Non esgotar os recursos que ela nos dá"*.

2) **COÑECEMENTO INTUITIVO**: aquelas respostas que se ben non conteñen os elementos precisos para considerala correcta, amosan unha reflexión e capacidade de supoñer cara a onde orientarse. Por exemplo, ante a pregunta de que é o concepto de cidadanía global, a resposta *"Entendo que son actividades ou conceptos que están enfocados a ser traballados por toda a cidadanía en xeral"*.

3) **COÑECEMENTO BAIXO**: inclúen algúns elementos moi básicos na definición das ideas. Por exemplo, ante a pregunta que é a cidadanía global, a resposta *"Todos somos seres humanos que vivimos no mesmo planeta, polo que deberíamos respectarnos e codarnos para o noso propio beneficio e o de todos"*.

4) **COÑECEMENTO MEDIO**: percíbese un achegamento previo ao concepto e, se ben é mellorable e non toca todos os elementos clave, denota que sabe do que fala. Por exemplo, ante a pregunta que son os ODS, a resposta *"Son obxectivos que se marcan ONGD ou institucións á hora de avaliar as accións que se toman para desenrolar accións de desenvolvemento en zonas deprimidas, e que estas accións perduren no tempo"*.

5) **COÑECEMENTO ALTO**: maniféstase un dominio e traballo previo coa idea. Neste caso, e debido ao reducida que é a mostra, non observamos ningún exemplo real no grupo que poida encaixar nun nivel de coñecemento alto. Un exemplo deste nivel podería ser a resposta, ante a pregunta de que son os ODS, *"son aspectos a conseguir nun período de tempo concreto, fixados pola ONU, a favor do desenvolvemento sostible. Algúns destes son: igualdade de xénero e empoderamento da muller, sanidade,..."*.

Partindo destes niveis, os datos amosan un nivel de coñecemento moi baixo nas tres preguntas realizadas (táboa 4): no caso dos ODS o 84% do alumnado descoñece o ten un coñecemento intuitivo, un 75% ten un coñecemento baixo ou moi baixo do que é a cidadanía global e o 100% do alumnado amosa un coñecemento baixo, intuitivo ou descoñecemento con respecto ás ONGD e o seu traballo (de feito, o 75% nin sequera vese capaz de citar algún exemplo).

Táboa 4. Nivel de coñecemento segundo sexo* en relación a ODS, cidadanía global e ONGD. Porcentaxe.

	NIVEL DE COÑECEMENTO														
	DESCOÑEC.			INTUITIVO			BAIXO			MEDIO			ALTO		
	Muller	Home	**Total**	Muller	Home	**Total**	Muller	Home	**Total**	Muller	Home	**Total**	Muller	Home	**Total**
Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)	67%	0%	**67%**	17%	0%	**17%**	8%	0%	**8%**	0%	8%	**8%**	0%	0%	**0%**
Concepto de "Cidadanía Global"	0%	0%	**0%**	33%	0%	**33%**	33%	8%	**42%**	25%	0%	**25%**	0%	0%	**0%**
Definir o que é unha ONGD? A lo menos 5 exemplos	50%	0%	**50%**	25%	0%	**25%**	17%	8%	**25%**	0%	0%	**0%**	0%	0%	**0%**

Fonte: Elaboración propia.
* A análise de datos segundo sexo non é significativa debido á composición da mostra (11 mulleres e 1 home).

Este descoñecemento manifesto dos ODS reflíctese tamén na batería de enunciados de resposta dicotómica "certo-falso" (táboa 5). Sen entrar en gran detalle debido a só hai 12 casos, apréciase un nivel alto de coñecemento en tres das catro dimensións analizadas, un 91,7% na percepción da realidade dende unha perspectiva crítica, un 87,5% en interculturalidade e un 75% en cooperación.

A temática relativa aos ODS é a que menor nivel mostra, cun 47,2% de coñecemento. Así mesmo, hai un 44,4% de alumnado que declara expresamente descoñecemento, polo que se evidencia unha marxe de mellora considerable neste ámbito.

Táboa 5. Percepción do alumnado en relación a varias afirmacións relacionadas coas temáticas de *O mundo que queremos* segundo sexo*. Porcentaxe.

ENUNCIADO	MULLER			HOME			TOTAL		
	CERTO	*FALSO*	*NS*	*CERTO*	*FALSO*	*NS*	*CERTO*	*FALSO*	*NS*
COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO									
A cooperación internacional ao desenvolvemento é necesaria só nos países do Sur	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%
As ONGD traballan só nos países do Sur mellorando as condicións de vida da súa poboación	9,1%	45,5%	45,5%	0,0%	100,0%	0,0%	8,3%	50,0%	41,7%
INTERCULTURALIDADE									
A maioría de persoas que emigran no mundo o fan por decisión propia, simplemente porque queren cambiar de país	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%
Actualmente non se pode afirmar que en Galicia exista racismo	27,3%	72,7%	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	25,0%	75,0%	0,0%
PERCEPCIÓN DA REALIDADE / ACTITUDE PARA O CAMBIO									
Só os Gobernos poden facer que o mundo sexa máis xusto	0,0%	90,9%	9,1%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	91,7%	8,3%
Gustaríame poder facer algo para que o mundo fora máis xusto	90,9%	9,1%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	91,7%	8,3%	0,0%
ODS									
Os ODS poden traballarse desde o meu concello	27,3%	0,0%	72,7%	0,0%	0,0%	100,0%	25,0%	0,0%	75,0%
Os ODS son moi específicos e non teñen relación coa miña vida, a min non me afectan	0,0%	63,6%	36,4%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	66,7%	33,3%
É importante que me implique na consecución dos ODS e que axude na súa difusión	72,7%	0,0%	27,3%	100,0%	0,0%	0,0%	75,0%	0,0%	25,0%

Fonte: Elaboración propia.
* A análise de datos segundo sexo non é significativa debido á composición da mostra (11 mulleres e 1 home).

No bloque de preguntas relacionadas coa identificación do alumnado con diferentes ítems (táboa 6), os datos amosan unhas medias altas en termos xerais. A única excepción neste punto é o posicionamiento máis neutral no segundo enunciado (cunha media de 3,25, é dicir, nin está de acordo nin en desacordo). Isto pode apuntar ao descoñecemento ou afastamento da perspectiva máis global, da interdependencia a nivel internacional ou da vinculación entre o local e o global.

Táboa 6. Valoración media da autoidentificación nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "non me sinto nada identificada" e 5 "síntome totalmente identificada") segundo sexo*. Porcentaxe.

ENUNCIADO	MEDIA		
	MULLER	*HOME*	***TOTAL***
1. Vivir en contextos culturalmente diversos é algo enriquecedor	4,9	4	**4,83**
2. As miñas pautas de consumo gardan relación coas desigualdades no mundo	3,3	3	**3,25**
3. A poboación inmigrante está a prexudicar á xente galega nalgún aspecto	1,5	3	**1,67**
4. Son feminista	4,7	3	**4,58**
5. Coñecer a situación de orixe das persoas inmigrantes non é prioritario cando traballas en programas de intervención social con esta poboación	2,1	3	**2,17**
6. As grandes empresas teñen moita da responsabilidade das desigualdades do mundo	4,8	5	**4,83**

Fonte: Elaboración propia.

* A análise de datos segundo sexo non é significativa debido á composición da mostra (11 mulleres e 1 home).